



FAME CERO

OBXECTIVOS

- Entender a **necesidade de proporcionar alimentación sa** para nenas e nenos no mundo.
- **Coñecer realidades de escaseza** diferentes ás nosas.
- Formar parte dunha comunidade **concienciada pola xustiza e a equidade**.

COMPETENCIAS

A comunicación lingüística, a **escoita**, a interacción co grupo, a **participación** e a busca de información facilitan a comprensión e a **expresión de pensamentos e sentimentos**.

CONTIDO

É a emerxencia alimentaria unha noticia?, **É unha noticia a fame de nenas e nenos?** A falta de alimento saudable é a vida real e diaria de moitas nenas e nenos, parámonos a reflexionar e...
ESCOITAMOS QUE SENTIMENTOS SAEN DE NÓS.

ACTIVIDADE

A educadora realiza con cartón unha **televisión** grande, decóraa e con esta informa ó grupo participante sobre tres personaxes de diferentes lugares do mundo:

- A vaca fraca de Nixeria leva moitos días sen comer e está perdendo as forzas para se manter en pé.
- El oso Antón de Ucraína está nervioso porque hai casas e bosques queimados, destruídos, e non ten comida para pasar o inverno.
- O rato Ramón de Siria marchou do seu país e está canso de non ter unha casa segura e con comida.

A educadora realiza **un círculo de escoita fronte ó televisor**, anima a escoitar con atención, presenta ós personaxes un a un e pregunta ó grupo: que lles diríades? Favorece a expresión de nenas e nenos, se o considera oportuno ofrece a opción de presentar a opinión na televisión creada.

Finalizamos a actividade cunha aperta colectiva de apoio a que teñan alimentos saudables as nenas e nenos do mundo.

Necesitas: cartón para decorar unha televisión grande e vistosa, rotuladores, cinta de embalar, pintura...



EDUCACIÓN DE CALIDADE

OBXETIVOS

- Entender a **educación como base fundamental para saír da pobreza**.
- Considerar a educación de calidade un **dereito** de todas as nenas e nenos do mundo.

COMPETENCIAS

A comunicación xestual, a expresión oral e a escoita posibilitan a comprensión, a creatividade, a expresión de contidos e os pensamentos individuais e de grupo.

CONTIDO

Na aprendizaxe educativa atopamos correlación entre aprendizaxe educativa e os valores positivos para un bo futuro. Adentrámonos na educación de calidade en primeira persoa, elaboramos receitas para un bo futuro e debuxamos o merecido impulso da educación de calidade, tomando como pauta as seguintes **premisas educativas**:

Se aprendo a ler, podo escoitar o mundo.

Se aprendo a escribir, podo contar ó mundo.

Se aprendo a pensar, podo reflexionar sobre o mundo.

Se aprendo a escoitar, podo entender ó mundo.

Se aprendo a entender, podo opinar sobre o mundo.

Se aprendo a opinar, podo participar no mundo.

Se aprendo a participar, podo mellorar o mundo.

Se aprendo a sentir, podo cambiar o mundo.

ACTIVIDADE

A educadora ten diferentes **personaxes** nunha bolsa (a ra Xoana, Amelia a cabra, Paco o saltón, Manolo o elefante, Sandra a cebrá, Isabel a cegoña, Toño o rato, Mar a balea...)

Asigna a cada un dos personaxes unha premisa educativa das detalladas e a transmite ó grupo varias veces cunha clara linguaxe sonoro e linguaxe xestual sinxela, e o grupo de participantes imita o contido a transmitir.

Unha vez coñecido o contido, **xogamos a intercambiar**: Que di Manolo o elefante?, Que di Isabel a cegoña?...

Necesitas: cartel coa frase de cada personaxe, debuxos dos personaxes, papel, rotuladores...



IGUALDADE DE XÉNERO

OBXECTIVOS

- Ter conciencia do **respecto e o coidado como forma de relación e comunicación** entre a diversidade de xéneros.
- Manifestar o **rexeitamento a todas as formas de discriminación e violencia contra as mulleres**.

COMPETENCIAS

A expresión plástica e xestual, a **reflexión**, a **escoita** e a análise de diversas situacións das mulleres no mundo aportan a **toma de conciencia doutras realidades** e a construción dunha actitude positiva e respectuosa, favorecedora da convivencia en igualdade de trato e coidado entre persoas de diferente xénero.

CONTIDO

O abuso e a falta de respecto converte ás diferenzas de xénero e a diversidade sexual nunha desvantaxe que se pon de manifesto nas realidades de violencia, embarazos non desexados, abandono da escola, matrimonios forzados...

É importante saber que, se hai abuso do corpo feminino, se se abusa do xénero feminino desde que nace, se se explotan os trazos e virtudes femininas para manter o privilexio masculino, se se obvian as necesidades femininas e infravaloramos os seus trazos... estamos denigrando, infravalorando e explotando a máis do 50% da poboación mundial.

ACTIVIDADE

A educadora propón a actividade “Que xenial é o respecto” ás nenas e nenos participantes.

Debuxa en papel continuo a nenas e nenos, arrodea a silueta de cada participante con rotulador e axúdalles a detallar o seu corpo (cabeza, pescozo, brazos, mans, tronco, pernas etc.)

Continúa a actividade coa frase “as nenas e nenos merecemos coidado e respecto ó noso corpo”, damos color ás partes do noso corpo para coidalo e respectalo, cor amarela ás nosas orellas, cor verde ás nosas pernas, damos cor laranxa ó noso tronco...

Cando teñamos completado o noso corpo dándolle color, as nenas e nenos xiran en círculo arredor das siluetas cantando con alegría “que xenial é o respecto”.

Necesitas: papel continuo, rotuladores, pinturas de cores...



MOBILIZACIÓN, CULTURA DE PAZ E CIDADANÍA GLOBAL

OBXECTIVOS

- Apreciar **formar parte dunha comunidade activa e global a favor da paz.**
- **Descubrir actitudes e accións** en favor da cultura de paz.

COMPETENCIAS

Tomamos parte activa pola paz, canalizamos a expresión, o fluír das palabras, **unimos accións individuais e colectivas** para chegar á toma de responsabilidade pola construción de comunidades máis xustas, dignas e pacíficas.

CONTIDO

Necesitamos unha mobilización escolar pola paz. Tras a guerra, os desastres, a violencia e os conflitos bélicos, moitas nenas e nenos están expostos a vivir sen comida, sen auga, ver á súa familia nerviosa, sentir o medo e a morte.

Moitas veces, nenas e nenos descoñecen as ferramentas para expresarse e verbalizalo, queremos destecer a violencia, **buscamos palabras que poidan poñer fin á violencia e sinalamos que as accións son o resultado dunha comunidade.** Se cada quen coopera co seu bo facer, esa comunidade medrará. É importante participar en accións onde formemos comunidade para apoiar que as nenas e os nenos teñan oportunidades de vivir con dignidade, xustiza e paz.

ACTIVIDADE

A educadora informa que “señor amable” nos envía cancións e nos convida a bailar pola paz. Tamén nos propón facer unha asemblea moi importante, onde **coas nosas palabras informemos ó mundo sobre que é a paz, expresamos que é a paz...** para que o mundo se dea conta, e se dea conta todo o mundo de que é a paz.

A educadora **recolle as aportacións do grupo, plásmalo** en frases, en palabras e realizan carnés, tarxetas, unha pancarta... que reparte ou deixa nun lugar visible do centro escolar, intercambiados coas familias, ou se empregan como cabeceira en accións pola paz.

Necesitas: música para bailar coas mensaxes de cultura de paz, folios, bolígrafos, cartolinas, rotuladores, papel continuo, pinturas variadas...

REFLEXIONAMOS SOBRE O QUE APRENDEMOS

- Puidemos descubrir os sonhos de nenos e nenas doutros lugares? son parecidos aos nosos?
- Coñecemos os ingredientes necesarios para unha educación de calidade?
- Cremos que a linguaxe corporal e os xestos son importantes para entendérmonos e coidármonos?
- Cal sería a túa palabra favorita para definir a paz?